

**ANUNCIO DE APERTURA DE PRAZO DE PRESENTACIÓN DE OFERTAS PARA A CONTRATACIÓN DOS  
“SERVIZOS PARA A POSTA EN MARCHA DUNHAS XORNADAS E TALLERES SOBRE EDUCACIÓN DE  
HÁBITOS ALIMENTARIOS CORRECTOS A TRAVÉS DAS TICS – PROXECTO  
ALIMENTATIC, PARA A PROMOCIÓN DA AUTONOMÍA PERSOAL DOS MAIORES DA PROVINCIA”**

## 1. ENTIDADE ADXUDICADORA

- Organismo: Fundación TIC
- Domicilio: Rúa Frei Plácido Rei Lemos s/n c.
- Localidade e Código Postal: Lugo 27004
- Teléfono: 982 284 667 Fax: 982 284 687
- Dirección de Internet do Perfil do Contratante: <http://www.fundaciontic.org>

## 2. ANTECEDENTES

O obxecto e finalidade da Fundación para o Desenvolvemento das Tecnoloxías da Información e da Comunicación (Fundación TIC), que ven determinado no artigo 6 dos seus Estatutos é o de promover e levar a cabo actividades dirixidas ao fomento da educación, a investigación e o desenvolvemento das TIC, así como ao impulso e á consolidación da denominada sociedade do coñecemento ou sociedade da información, de xeito que se contribúa a mellorar a formación relativa a estas tecnoloxías na provincia de Lugo.

Así mesmo, a Fundación TIC tal e como se reflexa no artigo 7 dos seus Estatutos “...terá a consideración de medio propio e instrumental e servizo técnico da Deputación Provincial de Lugo, ...”.

Tendo en conta que Lugo é unha das provincias máis envellecidas na que o 25% da poboación é maior de 55 anos e que a Deputación de Lugo ten un especial compromiso co colectivo das persoas da terceira idade ou que están próximas a ela, realizouse a través do programa InnovaTE2: Diputación Dixital, cofinanciado nun 80% polo FEDER, unha Encomenda de Xestión á Fundación TIC para a execución da actuación *Promoción da Autonomía Persoal dos Maiores da Provincia*, rematando a cofinanciación Europea da mesma o 28 de febreiro de 2015.

En continuación á citada labor, en Xunta de Goberno do vinte de febreiro de 2015 adoptouse o acordo da Encomenda de Xestión á Fundación para o Desenvolvemento das Tecnoloxías da Información e da Comunicación (Fundación TIC) como medio propio da Deputación de Lugo para a execución da actuación “Promoción da Autonomía Persoal dos Maiores da Provincia” financiada con fondos propios da Deputación de Lugo.

O obxectivo desta actuación é usar as novas tecnoloxías en actividades nas que participen os maiores conseguindo mellorar a súa calidade de vida mediante a realización de actividades que estimulen a través da tecnoloxía as súas habilidades tanto mentais como físicas contribuíndo desta forma ao seu benestar.

Sendo clave seguir prestando servizos, e co obxecto de promover as novas tecnoloxías entre os más maiores por ser Lugo unha das provincias más envellecidas, coincidindo co Día Mundial da Alimentación, e unha vez analizados os medios cos que conta a Fundación Tic, xurde a contratación dos servizos para a realización dunhas xornadas/talleres sobre como coidar a alimentación basadas nas Tic- *ALIMENTATIC*, por unha empresa externa á Fundación TIC

E neste contexto e co obxecto de promover as novas tecnoloxías entre os más maiores, xurde a contratación dos “**SERVIZOS PARA A POSTA EN MARCHA DUNHAS XORNADAS SOBRE PROGRAMA DE EDUCACIÓN DE HÁBITOS ALIMENTARIOS CORRECTOS A TRAVÉS DAS TICS – PROXECTO ALIMENTATIC-, PARA A PROMOCIÓN DA AUTONOMÍA PERSONAL DOS MAIORES DA PROVINCIA**”

### **3. OBXECTO DO CONTRATO**

Tipo: Servizo

Obxecto do contrato: O obxecto do presente prego é establecer as condicións técnicas mínimas que rexerán a contratación dos “**SERVIZOS PARA A POSTA EN MARCHA DUNHAS XORNADAS SOBRE PROGRAMA DE EDUCACIÓN DE HÁBITOS ALIMENTARIOS CORRECTOS A TRAVÉS DAS TICS – PROXECTO ALIMENTATIC-, PARA A PROMOCIÓN DA AUTONOMÍA PERSONAL DOS MAIORES DA PROVINCIA**” que consistirán na aplicación das novas tecnoloxías como estratexia de ensinanza-aprendizaxe para fomentar prácticas alimentarias e nutricionais saudables, para contribuír a ampliar os coñecementos sobre hábitos alimentarios correctos e para favorecer a estimulación cognitiva e funcional dos maiores da Provincia de Lugo co obxectivo de redundar nunha mellora da súa calidade de vida e do seu benestar.

Educando en nutrición e en saúde non é sempre unha tarefa sinxela posto que hai loitar contra hábitos establecidos, tradicións culturais etc., e modificalos no é sempre posible ou require tempo e recursos.

Segundo a 10ª Edición do 'Panel Herbalife sobre Hábitos de Vida Saudable dos Españoles', elaborado polo instituto Sond o 79,13 por cento dos galegos está preocupado por

manter unha alimentación sa. A poboación lucense ao estar dispersa ten dificultades de acceso a un "gran volume de información sobre hábitos de alimentación e vida saudable" que nos proporcionan as TICs. Polo que existe un descoñecemento por parte da poboación en xeral, e dos nosos maiores en particular acerca da súa importancia.

Conscientes desta situación, o "*Proxecto ALIMENTATIC*" pretende, aproveitándose das oportunidades que ofrecen ás tecnoloxías da información e a comunicación (TICs) que permiten chegar de maneira mais rápida e eficaz a un maior número de persoas, a realización de actividades e talleres de sensibilización que fomenten a mellora do coñecemento alimentario e de saúde, a mellora da estimulación cognitiva e funcional dos maiores da nosa provincia e a mellora da súa calidade de vida e do seu benestar.

Os obxectivos que persegue o devandito proxecto son:

- a. Favorecer a autonomía persoal dos maiores da Provincia de Lugo, mediante a posta en marcha de actividades encamiñadas á mellorar a súa estimulación cognitiva e funcional.
- b. Fomentar prácticas e hábitos nutricionais biosaúdables e mellorar os coñecementos sobre saúde dos maiores da nosa provincia mediante o uso das TIC.
- c. Fomentar a formación e a alfabetización dixital da terceira idade da provincia de Lugo, ensiñándolle a manexar diferentes dispositivos e aplicacións tecnolóxicas.
- d. Diagnosticar os coñecementos, actitudes e prácticas alimentarias e de saúde dos maiores da nosa provincia a través das novas tecnoloxías.
- e. Desenvolver un programa de educación nutricional e para a saúde a través das tecnoloxías da información e a comunicación (TIC's)
- f. Aproximar aos nosos maiores ás novas tecnoloxías como recurso para a promoción e a prevención da saúde.

#### **4. DESCRICIÓN DOS TRABALLOS**

Como mínimo desenvolvéranse os seguintes traballos no marco desta contratación:

Dúas Conferencias Maxistrais. Versarán sobre a importancia de mellorar as prácticas alimentarias dos maiores da provincia e sobre a relación existente entre as enfermidades e a alimentación empregando as TIC.

Unha das conferencias celebrarase ao redor do día 16 de outubro, Día Mundial da Alimentación.

As Conferencias celebraranse nas instalacións da Fundación TIC ou nas localizacións que esta propoña e deberán contar cun mínimo de 15 participantes (maiores de 55 anos).

Talleres de educación nutricional e para á saúde mediante a aplicación das novas tecnoloxías.

- Deseño de talleres de sensibilización e educación sobre prácticas alimentarias e nutricionais biosaúdables orientados ós diferentes colectivos de maiores da provincia;
- No marco da mesma, o licitador deberá necesariamente servíndose das oportunidades que ofrecen as novas tecnoloxías, ofrecer un programa detallado dos mesmos no que se determine como se vai a contribuír a fomentar a estimulación cognitiva e funcional dos maiores da provincia, para o que será imprescindible empregar dispositivos táctiles e ferramentas TIC adaptadas a maiores.
- O licitador deberá como mínimo realizar 15 talleres na provincia de Lugo con stand de alimentos saudables para os asistentes e emprego das Tics.
- 2 talleres en Lugo cidade na xornada dedicada ao nadal con montaxe de stand de alimentos saudables para os asistentes. A duración de esta xornada será de 8 horas divididas en mañá e tarde.
- A duración dos talleres na provincia será dun mínimo de 3 horas, en horario de mañá ou de tarde e para realizarse deberá haber un mínimo de 5 participantes e un máximo de 15 maiores de 55 anos. Celebraranse nas localizacións que propoña a Fundación TIC
- Deseñar, producir e distribuír o material divulgativo para dar a coñecer o proxecto a través de diferentes canles.
- Do mesmo xeito, o licitador deberá tamén asumir a organización loxística das actuacións previstas e aportar os elementos e materiais informáticos ou técnicos que resulten necesarios para o correcto desenvolvemento das mesmas, establecendo en colaboración coa Fundación TIC as localizacións para o desenvolvemento das actuacións.

Realización dunha guía de alimentación saudable en formato dixital que conteña como mínimo o seguinte:

- Nutrición e envellecemento
- Recomendacións para mellorar o estado nutricional en persoas maiores
- Deseño de un menú semanal saudable
- Guía para a compra saudable

## 5. CONDICIONES DE PRESTACIÓN DO SERVIZO

Os servizos a executar desenvolveranse nas instalacións da Fundación TIC e na provincia de Lugo, agás no Concello de Lugo.

A entidade adxudicataria acordará coa Fundación TIC a planificación concreta das actuacións a realizar no marco do proxecto, e deberá cumplir a normativa en materia de protección de datos, de acordo coa lexislación vixente.

Correrán por conta do adxudicatario tanto o equipamento necesario para o correcto desenvolvemento das actuacións como os posibles gastos derivados dos desprazamentos.

## 6. CONTIDO DA OFERTA

No presente apartado describese a estrutura segundo a cal deberase elaborar a oferta presentada por cada un dos licitadores. Para a elaboración da citada proposta deberan basear nos requisitos recollidos neste prego.

Con carácter obligatorio, a documentación deberá presentarse en papel e en soporte dixital, compatible coas ferramentas MS Word 2003 ou Adobe Acrobat Reader 7.0.

A exposición da oferta axustarase, como mínimo e no mesmo orde, aos diferentes apartados detallados a continuación:

1. Índice
2. Introdución
3. Programa das 2 Conferencias Maxistrais sobre a importancia de mellorar as prácticas alimentarias dos maiores da provincia e sobre a relación existente entre as enfermidades e a alimentación empregando as TIC.

4. Programa dos Talleres de educación nutricional e para á saúde mediante a aplicación das novas tecnoloxías, no que se determine como se vai a contribuir a fomentar a estimulación cognitiva e funcional dos maiores da provincia, para o que será imprescindible empregar dispositivos táctiles e aplicacións adaptadas a maiores.

5. Equipo de traballo: a empresa licitadora deberá dispor do persoal necesario e con suficiente cualificación para garantir o desenvolvemento dos traballos obxecto do presente prego.

- As ofertas presentadas detallarán o perfil profesional de cada un dos membros do equipo de traballo encargado da prestación do servizo, conformando estes un equipo solvente, tanto técnica como profesionalmente.
- A empresa adxudicataria designará un responsable que actuará como interlocutor ante a Fundación TIC e será o responsable de coordinar os traballos obxecto deste concurso.

6. Prezo.

7. Experiencia na formación nutricional en maiores.

## **7. OBRIGAS DO ADXUDICATARIO:**

1. Deberá realizar todas cantas accións sexan necesarias para a captación dos participantes das actividades previstas.
2. Preparar e entregar todos os materiais empregados en formato dixital ós participantes sempre que resulte mais axeitado para o correcto desenvolvemento das actuacións tendo en conta o colectivo ao que se dirixe, maiores de 55 anos. Este material terá que ser validado pola Fundación TIC.
3. Presentar elementos acreditativos do desenvolvemento de todas as xornadas mediante fotografías, vídeos, follas de firma dos participantes, etc. Todo este material deberá de maneira obrigatoria incluír os logotipos mencionados no parágrafo anterior.
4. Formar ao persoal da Fundación TIC e entregar á mesma todo o material necesario para que podan realizar as actividades de educación nutricional nun futuro.
5. Manter informada en todo momento á xerencia da Fundación TIC das actuacións realizadas.
6. Realizar unha memoria das actuacións.

7. Avaliar e facer o seguimento de todas as accións realizadas.
8. Durante a execución dos traballos obxecto do contrato, o adxudicatario comprométese, en todo momento, a facilitar ás persoas designadas pola Fundación TIC para tales efectos, a información e documentación que estas soliciten para dispor dun pleno coñecemento das circunstancias en que se desenvolven os traballos, así como dos eventuais problemas que poidan formularse e das tecnoloxías, métodos, e ferramentas utilizados para resolvéllos.
9. Sen prexuízo do disposto pola lexislación vixente en materia de propiedade intelectual e de protección xurídica de todos os produtos a entregar desenvolvidos ao amparo do presente contrato, os dereitos corresponden únicamente á Fundación TIC, con exclusividade e para todos os efectos, incluíndo, cando cumpra, os programas en código fonte e toda a documentación técnica e de usuario que se xere no proxecto.

## **8. LUGAR E HORARIO DA PRESTACIÓN DO SERVIZO:**

A prestación dos servizos obxecto do presente prego levarase a cabo en función das características do mesmo, no lugar que a empresa adxudicataria propoña ou nas dependencias que a Fundación TIC habilite ou designe a tal efecto.

Os horarios de realización das accións poderán ser obxecto de proposta por parte dos licitadores, aínda que será a Fundación TIC a que estableza os mesmos.

Se por calquera circunstancia, e en especial debido á maior demanda dos participantes, fora necesario incrementar ou variar os horarios fixados, a empresa adxudicataria deberá adaptar o horario de atención ás directrices que se fixen ó respecto por parte da Fundación TIC, sen modificación na facturación.

## **9. ORZAMENTO MÁXIMO:**

O prezo máximo para este contrato é de 16.000,00 € aos que haberá que engadir 3.360,00 € en concepto de IVE. Total 19.360,00 €.

## **10. CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN:**

Para a selección do contratista empregatanse como criterios de valoración o prezo ofertado, a calidad da oferta presentada e a experencia en formación nutricional a maiores.

## 11. PRESENTACIÓN DE PROPOSTAS

- a. ***Prazo:*** 10 días naturais contados a partir do seguinte á publicación deste anuncio no perfil do contratante para que as empresas que desexen participar no proceso, presenten as súas ofertas, as cales deberán estar correctamente seladas e asinadas polo responsable da empresa.
- b. ***Lugar de presentación:*** As ofertas remitiranse á seguinte dirección de correo electrónico: [contratacion@fundaciontic.org](mailto:contratacion@fundaciontic.org)

## 11. PRAZO DE EXECUCIÓN

O prazo máximo de execución do contrato será de 3 meses dende a comunicación da adxudicación.

## 12. OUTRAS CONSIDERACIÓNS

**A PUBLICACIÓN DESTE ANUNCIO NON DETERMINA COMPROMISOS OU OBRIGAS CONTRACTUAIS OU ORZAMENTARIAS ALGUNHAS CON ANTERIORIDADE AO ACTO DE ADXUDICACIÓN.**

Lugo, 29 de agosto de 2016  
O SECRETARIO DO PADROADO,

Francisco Javier Giménez Miralles